



## CERTIFICACIÓN

Elena Suárez Rodríguez, secretaria do Concello de Boqueixón, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** que na Xunta de Goberno realizada o día 22 de febreiro de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Na Xunta de Goberno realizada o día 4 de xaneiro, aprobouse iniciar o expediente de alleamento mediante poxa dun vehículo contra incendios que xa non se utilizaba.

Na mesma sesión se aprobaron os pregos que rexerían dita poxa e posteriormente o día 16 de xaneiro se publicou no perfil do contratista o correspondente anuncio.

No BOP do día 19 de xaneiro sae publicado o anuncio e comeza o prazo para a presentación das ofertas, que é ampliado debido a unha corrección de erros publicada no BOP do día 29 de xaneiro.

Polo tanto, o prazo remata o día 8 de febreiro e preséntanse os seguintes interesados:

1. Virgilo José Luís Vázquez Varela
2. Agro Forestal Rouco, SLU
3. Tacauto Narón, SL
4. Enade Gestión, SL
5. Dagar 2012, SL
6. Patricia Fernández Lázaro

O día 13 de febreiro ábrese os sobres das ofertas presentadas e obtéñense os seguintes resultados, sendo o prezo de saída 600,00 euros:

Licitador	Importe ofertado
Virgilio José Luís Vázquez Varela	600,00 euros
Agro Forestal Rouco,SLU	2.890,00 euros
Tacauto Narón, SL	1.168,00 euros
Enade Gestión, SL	753,21 euros
Dagar 2012, SL	782,53 euros

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

Patricia Fernández Lázaro	1.001,00 euros
---------------------------	----------------

Polo tanto, á vista destes datos e segundo consta na cláusula 3 do prego de condicións, o ben será adjudicado ó licitador que oferte o prezo máis alto.

A Xunta de Goberno acorda:

Adjudicar o camión contra incendios á empresa Agro Forestal Rouco,SLU no prezo de 2.890,00 euros, ó ser o importe máis alto.

Comunicar este acordo a tódolos licitadores e iniciar os trámites oportunos coa adjudicataria para a transmisión do ben.

Dar de baixa no inventario de bens municipais

-----  
E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Boqueixón, luns 26 de febreiro de 2018

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín